



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA O PROXECTO “SERVIZOS INTEGRADOS DE PREVENCIÓN E RESPONSA Á VIOLENCIA DE XÉNERO E PROTECCIÓN INFANTIL PARA NENOS E NENAS REFUXIADAS EN UGANDA”

(1) No Boletín Oficial do Estado do 19 de maio do 2020 publicouse a Resolución do 13 de maio de 2020, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 12 de maio de 2020, polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2020, do crédito para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, consignándose a partir dese momento os fondos correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia no orzamento da Secretaría Xeral de Igualdade.

Dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade puxo ao dispor dos devanditos organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes por razón da materia, en aras dunha xestión máis eficaz e eficiente das mesmas. Entre os devanditos organismos atópase a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colabora no desenvolvemento das dúas medidas do Pacto relacionadas coa competencia de cooperación internacional para o desenvolvemento, a 36 e a 37.

A Xunta de Galicia ten como un dos seus obxectivos prioritarios a política de cooperación ao desenvolvemento, na que se insire a acción humanitaria e de emerxencia. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, segundo o disposto no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano que ten atribuídas as competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento e axuda humanitaria e de emerxencia, na que se inclúe o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes: O Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) é a principal organización internacional que traballa para promover os dereitos da infancia e conseguir



cambios reais nas vidas de millóns de nenos/as, en calquera situación de emerxencia e crise humanitaria. UNICEF Comité Galicia é un dos comités que a nivel autonómico contribúen co traballo que se realiza en favor da infancia e na resposta ante emerxencias.

UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

A Xunta de Galicia ten subscritos convenios con esta entidade en varias ocasións anteriores como resposta inmediata a crises humanitarias e principalmente destinados a sufragar gastos en axuda humanitaria en defensa da infancia.

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e “UNICEF Comité Español” para a execución do proxecto “Servizos integrados de prevención e resposta á violencia de xénero e protección infantil para nenos e nenas refuxiadas en Uganda” en cumprimento da medida 37 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

(4) O convenio ten por obxecto conseguir que as nenas e nenos do asentamento de refuxiados de Yumbe e das comunidades de acollida, estean protexidos de todas as formas de violencia, incluída a violencia de xénero, reforzando o sistema de protección da infancia, con servizos de prevención e resposta reforzados para asegurar que todas as nenas e nenos estean protexidos.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso unir esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada, con atención especial á loita contra a violencia de xénero.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 84.000 € (oitenta e catro mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller



Xacobeo 2021

